

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DE 2011

SRES. ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

DONA M^a DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO

DONA M^a VICTORIA HIERRO LORENZO

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. JOSÉ RAFAEL MEMBRIVES ROJAS

DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ

D. ÁLVARO CAROU GARCÍA

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

DONA M^a TERESA REY BARREIRO MEIRO

DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS

D. JAIME RAMOS LORENZO

D. JESÚS PÉREZ ARCA

D. MANUEL ANGEL TARRÍO FERNÁNDEZ

D. XOSÉ CASTRO RATÓN

DONA ANA ISABEL LORENZO FRAGA

DONA ROSA MARÍA ABUÍN RODRÍGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

DONA M^a DOLORES CUEVAS RIVAS

D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA:

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezoito horas do día 28 de abril de 2011, baixo a Presidencia de DONA M^a DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ, e coa asistencia da Secretaria [secretaria], reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de marzo de 2011.
2. Dar conta das Resolucións de Alcaldía correspondentes ao mes de marzo 2011.
3. Dar conta dos informes de Tesourería e Intervención referidos ao primeiro trimestre do exercicio 2011 sobre o cumprimento dos prazos regulados na lei 15/2010 de 5 de xullo.
4. Aprobación, se procede, Expte. 2/2011 de cambio de finalidade e modificación de créditos por créditos extraordinarios.
5. Aprobación, se procede, Expte. 1/2011 de recoñecemento extraxudicial de créditos.
6. Aprobación, se procede, de Conta Xeral correspondente ao exercicio 2009.

7. Aprobación, se procede, da Modificación do Regulamento do servizo de préstamo de bicicletas.

8. Interpelacións

9. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE MARZO DE 2011..- Pola Sra. Alcaldesa pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta da sesión anterior, de data 31 de marzo de 2011.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións emitidas pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE MARZO 2011:

- 5.- Aceptación de renuncia e arquivo expediente solicitude de licenza municipal de apertura.
- 5.- Admisión a trámite de expediente Actividades Clasificadas.
- 12.- Concesión de autorización para ocupación de vía pública.
- 6.- Concesión de licenza municipal de apertura de establecemento.
- 4.- Concesión de licenza municipal de actividade.
- 1.- Declaración de caducidade de expediente de licenza municipal de actividades.
- 1.- Autorización de transmisión de licenza municipal de apertura.
- 1.- Aprobación inicial de Estudo de Detalle.
- 1.- Corrección de erro en título licenza definitiva actividade.
- 2.- Información en relación escrito deficiencias en edificios.
- 1.- Concesión de cambio do título de licenza para construción de vivenda.
- 1.- Transmisión de licenza municipal de obras para construción de nave.
- 1.- Concesión de licenza de primeira ocupación.
- 9.- Concesión de licenza de acometida e conexión redes de auga e/ou saneamento.
- 1.- Denegación de autorización de ampliación de ocupación de vía pública.
- 2.- Concesión de legalización de obras.
- 27.- Concesión de licenza de obra menor.
- 8.- Concesión de licenza de obra maior.
- 3.- Concesión de licenza de segregación.
- 8.- Arquivo de expediente de solicitude de licenza de obras.
- 4.- Concesión de gratificación especial.
- 2.- Nomeamento de funcionario/a interino/a.
- 1.- Denegación de disfrute de vacacións solicitadas por empregada do SPAD.
- 1.- Ampliación contrato técnico deportivo da FPSDM.
- 1.- Contratación Técnicos Deportivos da FPSDM.
- 1.- Recoñecemento e aboamento importes por prestación de servizos en domingo.
- 1.- Recoñecemento e aboamento de importes por gratificación por festivos.
- 1.- Recoñecemento de trienios a diverso persoal municipal.
- 1.- Ampliación de horario de técnicos deportivos.
- 1.- Recoñecemento e aboamento de importes por servizos en xornada nocturna Policía Local (funcionarios).
- 1.- Designación Secretaria Accidental.
- 5.- Realización trámite de audiencia en relación ausencias inxustificadas persoal Policía Local.
- 1.- Recoñecemento de obrigación e ordenación pagamento aportación Plan de Pensións do mes de febreiro.
- 1.- Resolución de expediente disciplinario.
- 1.- Asignación individual cantidades por atención do Rexistro Xeral en sábados.
- 1.- Recoñecemento dereito de funcionaria municipal a cobro gratificación por servizos extraordinarios.
- 1.- Designación Responsable de Informática.
- 1.- Aprobación bases reguladoras probas selectivas para Auxiliar de Clínica para o SPAD.
- 1.- Aprobación bases reguladoras probas selectivas para Un/ha médico para o SPAD.
- 1.- Aprobación bases reguladoras Bolsa de traballo para postos de TSFAAFD da Fundación de Deportes.

- 1.- Comunicación a Letrado para defensa de intereses municipais en relación con débedas.
- 1.- Comunicación ó Xulgado do Mercantil nº 2 de Pontevedra en relación concurso voluntario de acredores.
- 1.- Remate proceso selectivo para Un/ha médico/a para o SPAD.
- 1.- Anulación das fases de O e P e emisión de novas con cargo á fase D – erro disposición facturas.
- 1.- Deixar sen efecto nomeamento Tenente de Alcalde como Alcalde en Funcións.
- 3.- Inscripción de Asociación en Rexistro Municipal.
- 4.- Orde de representación e defensa dos intereses do Concello por Letrado en procedemento xudicial.
- 1.- Nomeamento de Comisión de Selección para Bolsa de traballo de Técnicos Deportivos para a FPSDM.
- 9.- Compensación de débitos e créditos.
- 13.- Orde de pago de facturas.
- 1.- Orde proceder á recadación en vía executiva de recibos en tanto non se modifiquen as Bases de Execución do Orzamento e ata nova resolución.
- 1.- Desestimación de recurso de reposición formulado por DEMOS.
- 8.- Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 7.- Arquivo de expediente de orde de solicitude de licenza municipal de obras.
- 1.- Concesión de prazo para solicitude de legalización de modificacións.
- 1.- Requirimento para solicitude de licenza municipal de obras.
- 1.- Requirimento para presentación de informe-dictame de seguridade elementos exteriores de edificios.
- 1.- Desestimación de solicitude de anulación multa coercitiva.
- 4.- Imposición de multa coercitiva.
- 4.- Concesión de prazo para realización de obras.
- 5.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 3.- Orde de limpeza predio.
- 1.- Arquivo expediente sancionador por depósito de residuos no monte.
- 1.- Aprobación de gasto taxa publicación anuncios.
- 3.- Aprobación de expediente de contratación.
- 10.- Recoñecemento de obriga.
- 1.- Orde cambio titularidade no Catastro Inmobiliario de fincas.
- 2.- Xeración de novas liquidacións ICIO, Taxa Licenzas Urbanísticas e Taxa Licenza primeira ocupación.
- 1.- Declaración de terminación de procedementos sancionadores de tráfico.
- 1.- Imposición de Sancións a infractores tráfico.
- 1.- Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico.
- 1.- Destino vehículos abandonados a Centro autorizado de recepción e descontaminación.

TOTAL: 221

O Concello Pleno queda sabedor.

3. DAR CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN REFERIDAS OA PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2011 SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS REGULADOS NA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO. .- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 26 de abril de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e informe da Intervención Municipal, do primeiro trimestre de 2011, emitidos segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O informe da Interventora indica que no primeiro trimestre de 2011 a relación de facturas, con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento de obriga, ascende á contía de 468.780,23 €.

O informe da Tesoureira pola súa parte sinala que as facturas/certificacións de obra rexistrados/expedidas con anterioridade ao 10 de febreiro de 2011 e contabilizadas que figuran como pendentes de pago, incumprindo o prazo de 50 días fixado pola Lei 15/2010, ascenden á contía de 624.085,39 €.

Así mesmo fai constar que as facturas pagadas fóra de prazo ascende á contía de 24.392,99 €.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPTE. 2/2011 DE CAMBIO DE FINALIDADE E MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. .- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 26 de abril de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía, do teor literal seguinte:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E DO PRÉSTAMO Nº0540037306 DE CAIXANOVA.

Logo de ver os seguintes expedientes iniciados mediante Providencia da Alcaldía de data 13 de abril de 2011, debido á existencia de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o próximo exercicio, e para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, que é o prorrogado para o exercicio 2011:

1.- Expediente nº 2/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo anteriormente descrito de Caixanova nº 0540037306, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos que corresponda.

2.- Expediente nº 2/2011 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 370.600,87 euros para atender os gastos plurianuais derivados dos seguintes Proxectos:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
003/11	OBRA 3/11 APORTACIÓN MUNICIPAL PROXECTO ESTACIÓN DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES NO RIO DO CON-VILAGARCIA PPC/2011	34.346,24	161-61900
004/11	OBRA 4/11 MELLORA BOMBEOS EN EL ENTORNO PLAZA DE ABASTOS	59.000,00	161-61900

040/09	OBRA 40/09 PERMUTA PABILLON CASTELAO , ANUAL. 2010	121.881,60	341-62200
005/11	OBRA 05/11 RENOVACIÓN CESPED ARTIFICIAL C.F. MANUEL JIMENEZ	155.373,03	341-63200
TOTAL		370.600,87	

Tendo en conta os sobrantes existentes no Remanente de Tesourería afectado por importe de 168.350,89 euros e no préstamo de Caixanova nº 0540037306, que financia diversas obras con dispoñibilidade, por importe de 202.249,98 euros.

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

- Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E PRÉSTAMO):

Programa	Económico	Descripción	IMPORTE
134	62200	OBRA 011/06 CONSTRUC. INSTALACIÓN ANEXA A SUBSEDE DE BOMBEIROS PROTECCIÓN CIVIL	21.000,00
161	61900	OBRA 32/09 PLAN INVERSIÓN DIPUTACIÓN 2009	30.000,00
161	61900	OBRA 19/06 ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMIENTO, 2006	12.248,89
165	62400	OBRA 018/06 ADQUISICIÓN VEHÍCULO PARA REDE DE SUMIDOIRO	13.000,00
172	62300	OBRA 37/06 EQUIPAMIENTO PUNTO LIMPIO	12.000,00
243	62900	OBRA 026/2008 PROXECTO ESCOLA OBRADOIRO VI, 2009	109.620,80
336	61900	OBRA 049/07 MELLORA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTORICO	10.752,00
341	62200	OBRA 25/07, ACONDIC. PAVILLÓN BAMIO, 2007.	30.000,00
341	62200	OBRA 29/07, ACONDIC. CAMPO DE FÚTBOL TRABANCA SARDIÑEIRA.	49.250,00
341	62200	OBRA 19/08, OBRAS DEPORTES-XUNTA, ANUAL. 2009.	62.629,18
453	61900	OBRA 044/06 PAVIMENTACIÓN NO MUNICIPIO, ANUAL. 2006	20.100,00
			370.600,87

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente (Ref. CV-193/2011), que existen excesos de financiamento nas inversións financiadas con Remanente de Tesourería Afectado por importe de 168.350,89 euros e co préstamo nº 0540037306 de Caixanova por importe de 202.249,98 euros.

Tendo en conta que o mantemento dos préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Esta Alcaldía, co obxecto de atender aos compromisos anteriormente descritos propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación de finalidade do Remanente de Tesourería afectado por importe de 168.350,89 euros e do préstamo nº 0540037306 de Caixanova, por importe de 202.249,98 euros ascendendo á contía total de 370.600,87 euros, segundo o seguinte detalle:

PROXECTO/DENOMINACIÓN	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E PRÉSTAMOS DOS QUE PROCEDE	IMPORTE SOBRANTE DESTINADO A CAMBIO DE FINALIDADE

OBRA 011/06 CONSTR. INSTALACIÓN ANEXA A SUBSEDE DE BOMBEIROS PROTECCIÓN CIVIL	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	21.000,00
OBRA 32/09 PLAN INVERSIÓNS DIPUTACIÓN 2009	PRESTAMO CAIXANOVA 540037306 CI 09-45	30.000,00
OBRA 19/06 ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO, 2006	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	12.248,89
OBRA 018/06 ADQUISICIÓN VEHÍCULO PARA REDE DE SUMIDOIRO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	13.000,00
OBRA 37/06 EQUIPAMENTO PUNTO LIMPIO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	12.000,00
OBRA 026/2008 PROXECTO ESCOLA OBRADOIRO VI, 2009	PRESTAMO CAIXANOVA 540037306 CI 09-39	109.620,80
OBRA 049/07 MELLORA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTORICO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	10.752,00
OBRA 25/07, ACONDIC. PAVILLÓN BAMIO, 2007.	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	30.000,00
OBRA 29/07, ACONDIC. CAMPO DE FÚTBOL TRABANCA SARDIÑEIRA.	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	49.250,00
OBRA 19/08, OBRAS DEPORTES-XUNTA, ANUAL. 2009.	PRESTAMO CAIXANOVA 540037306 CI 09-50	62.629,18
OBRA 044/06 PAVIMENTACIÓNS NO MUNICIPIO, ANUAL. 2006	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	20.100,00
TOTAL		370.600,87

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 2/2011 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 370.600,87 euros para atender os gastos derivados do seguinte Proxecto:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
003/11	OBRA 3/11 APORTACIÓN MUNICIPAL PROXECTO ESTACIÓN DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES NO RIO DO CON-VILAGARCIA PPC/2011	34.346,24	161-61900
004/11	OBRA 4/11 MELLORA BOMBEO EN EL ENTORNO PLAZA DE ABASTOS	59.000,00	161-61900
040/09	OBRA 40/09 PERMUTA PABILLON CASTELAO , ANUAL. 2010	121.881,60	341-62200
005/11	OBRA 05/11 RENOVACIÓN CESPED ARTIFICIAL C.F. MANUEL JIMENEZ	155.373,03	341-63200
TOTAL		370.600,87	

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

BAIXAS DE CRÉDITOS:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO):

Programa	Económico	Descripción	IMPORTE
134	62200	OBRA 011/06 CONSTR. INSTALACIÓN ANEXA A SUBSEDE DE BOMBEIROS PROTECCIÓN CIVIL	21.000,00
161	61900	OBRA 32/09 PLAN INVERSIÓNS DIPUTACIÓN 2009	30.000,00

161	61900	OBRA 19/06 ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO, 2006	12.248,89
165	62400	OBRA 018/06 ADQUISICIÓN VEHÍCULO PARA REDE DE SUMIDOIRO	13.000,00
172	62300	OBRA 37/06 EQUIPAMENTO PUNTO LIMPIO	12.000,00
243	62900	OBRA 026/2008 PROXECTO ESCOLA OBRADOIRO VI, 2009	109.620,80
336	61900	OBRA 049/07 MELLORA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTORICO	10.752,00
341	62200	OBRA 25/07, ACONDIC. PAVILLÓN BAMIO, 2007.	30.000,00
341	62200	OBRA 29/07, ACONDIC. CAMPO DE FÚTBOL TRABANCA SARDIÑEIRA.	49.250,00
341	62200	OBRA 19/08, OBRAS DEPORTES-XUNTA, ANUAL. 2009.	62.629,18
453	61900	OBRA 044/06 PAVIMENTACIÓNS NO MUNICIPIO, ANUAL. 2006	20.100,00
			370.600,87

TERCEIRO: A financiación dos expedientes de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

CUARTO: Modificar o Anexo de Inversións, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINANCIAMENTO
003/11	OBRA 3/11 APORTAC. MUNICIPAL PROXECTO ESTACIÓN DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES NO RIO DO CON-VILAGARCIA PPC/2011	34.346,24	161-61900	30.000,00	Caixanova 540037306 CI 09-45 procede de obra 32/09
				4.346,24	RTA procedente de obra 11/06 Caixanova 540030110 C.I 06-75 e convenios urbanísticos
004/11	OBRA 4/11 MELLORA BOMBEO EN EL ENTORNO PLAZA DE ABASTOS	59.000,00	161-61900	3.159,91	RTA procedente de obra 11/06 Caixanova 540030110 C.I 06-75 e convenios urbanísticos
				739,20	RTA procede de obra 18/06, venta parcelas
				10.752,00	RTA procede de la obra 49/07, varios prestamos
				20.100,00	RTA procede de la obra 44/06, venta parcelas
				12.248,89	RTA procede de la obra 19/06 caixanova 540030110 CI 06/84
				12.000,00	RTA procede de la obra 37/06, venta parcelas
040/09	OBRA 40/09 PERMUTA PABILLON CASTELAO , ANUAL. 2010	121.881,60	341-62200	109.620,80	CAIXANOVA 540037306 C.I 09-38, procede de la obra 26/08.
				12.260,80	RTA procede de obra 18/06, venta parcelas

				62.629,18	CAIXANOVA 540037306 C.I 09-50 procede de la obra 19/08
				30.000,00	RTA procede de la obra 25/07, BCL 9545525801 CI 07/97
				49.250,00	RTA procede de la obra 29/07, BCL 9545525801 CI 07/101
005/11	OBRA 5/11 RENOVACIÓN CESPED ARTIFICIAL C.F. MANUEL JIMENEZ	155.373,03	161-61900	13.493,85	RTA procedente de obra 11/06 Caixanova 540030110 C.I 06-75 e convenios urbanísticos
TOTAL		370.600,87		370.600,87	

QUINTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes : nº 2/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expedientes nº 2/2011 de créditos extraordinarios, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SEXTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes nº 2/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos, e expediente nº 2/2011 de crédito extraordinario, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Asímesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de EU, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación inicial do expediente 2/2011 de finalidade e modificación de créditos por créditos extraordinarios.

- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que se trata de actuacións importantes como o dos bombeos, pago do Pavillón de Catelao ou o Céspedo do Campo de Fútbol Manuel Jiménez.

Di que é o último Pleno pero é necesario e importante adoptar estes acordos, ademais hai uns remanentes que non supoñen maior endebedamento aínda que a oposición criticará as propostas.

- Intervén o Sr. Fole Díaz preguntando ¿Por que asume a Alcaldesa que van a críticala?

E bo que acabe recoñecendo que está todo mal. O ano pasado o PP votou en contra pois trataban de endebedar o Concello e hoxe din que hai partidas para non acudir ao endebedamento. Fálase de préstamos de 2007, 2008 e 2009 que xeran xuros e como hai que facer fronte a determinadas situacións se van a utilizar pero marchan sen presentar os orzamentos.

Pregunta á Concelleira de Deportes se está consensuado con candidato do PSOE pois presentou ese Campo na Campaña Electoral. Queren que a Concelleira lles explique a calidade do céspede.

Indica que o Grupo Municipal do PP vai a favorecer este cambio e van a absterse na votación.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que non se opón á execución das obras por ser necesarias, pero non consinte que se anulen outros investimentos e polo tanto di que deben buscar outros recursos e non descartan obras necesarias.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Grupo Municipal de EU-IU se vai a abster, aínda que non comparten de onde se sacan os cartos. Hai 2 obras necesarias (Río O Con e Campo Manuel Jiménez) e se dicía que o campo non estaba moi mal. Esta situación repetirase no Campo de Berdón. Tamén sinala que, o polígono de Barro-Meis foi declarado ilegal e será responsable o voceiro do PP.

- Intervén a Sra. Hierro Lorenzo dicindo que o Polígono de Barro é ilegal. Os Orzamentos de 150.000 € chegarían para renovar o céspede do campo, está ocupado todos os días e o uso sobrepasa o habitual, pois fai 6 anos que está construído. O candidato é o do partido pero o Goberno segue gobernando.

Di tamén que non negou o mal estado do Campo Manuel Jiménez.

- A Sra. Alcaldesa agradece a postura dos Grupos Municipais de PP e EU-IU.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), dez abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7) e EU-IU (3), e un voto en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal de IVIL,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación de finalidade do Remanente de Tesourería afectado por importe de 168.350,89 euros e do préstamo nº 0540037306 de Caixanova, por importe de 202.249,98 euros ascendendo á contía total de 370.600,87 euros, segundo o seguinte detalle:

PROXECTO/DENOMINACIÓN	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO E PRÉSTAMOS DOS QUE PROCEDE	IMPORTE SOBRANTE DESTINADO A CAMBIO DE FINALIDADE
OBRA 011/06 CONSTR. INSTALACIÓN ANEXA A SUBSEDE DE BOMBEIROS PROTECCIÓN CIVIL	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	21.000,00
OBRA 32/09 PLAN INVERSIÓNS DIPUTACIÓN 2009	PRESTAMO CAIXANOVA 540037306 CI 09-45	30.000,00
OBRA 19/06 ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO, 2006	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	12.248,89
OBRA 018/06 ADQUISICIÓN VEHÍCULO PARA REDE DE SUMIDOIRO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	13.000,00
OBRA 37/06 EQUIPAMENTO PUNTO LIMPIO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	12.000,00

OBRA 026/2008 PROXECTO ESCOLA OBRADOIRO VI, 2009	PRESTAMO CAIXANOVA 540037306 CI 09-39	109.620,80
OBRA 049/07 MELLORA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTORICO	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	10.752,00
OBRA 25/07, ACONDIC. PAVILLÓN BAMIO, 2007.	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	30.000,00
OBRA 29/07, ACONDIC. CAMPO DE FÚTBOL TRABANCA SARDIÑEIRA.	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	49.250,00
OBRA 19/08, OBRAS DEPORTES-XUNTA, ANUAL. 2009.	PRESTAMO CAIXANOVA 540037306 CI 09-50	62.629,18
OBRA 044/06 PAVIMENTACIÓNS NO MUNICIPIO, ANUAL. 2006	REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	20.100,00
TOTAL		370.600,87

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº 2/2011 de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de 370.600,87 euros para atender os gastos derivados do seguinte Proxecto:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	PARTIDA
003/11	OBRA 3/11 APORTACIÓN MUNICIPAL PROXECTO ESTACIÓN DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES NO RIO DO CON-VILAGARCIA PPC/2011	34.346,24	161-61900
004/11	OBRA 4/11 MELLORA BOMBEOS EN EL ENTORNO PLAZA DE ABASTOS	59.000,00	161-61900
040/09	OBRA 40/09 PERMUTA PABILLON CASTELAO , ANUAL. 2010	121.881,60	341-62200
005/11	OBRA 05/11 RENOVACIÓN CESPED ARTIFICIAL C.F. MANUEL JIMENEZ	155.373,03	341-63200
TOTAL		370.600,87	

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 174.4 do TRLFL 2/2004 son os seguintes:

Baixas de créditos de gastos das seguintes aplicacións do orzamento vixente:

BAIXAS DE CRÉDITOS:

1.- CORRESPONDENTES AOS PROXECTOS DE GASTO CON MODIFICACIÓN DA SÚA FINANCIACIÓN (CAMBIO DE FINALIDADE DO REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO):

Programa	Económico	Descripción	IMPORTE
134	62200	OBRA 011/06 CONSTR. INSTALACIÓN ANEXA A SUBSEDE DE BOMBEIROS PROTECCIÓN CIVIL	21.000,00
161	61900	OBRA 32/09 PLAN INVERSIÓNS DIPUTACIÓN 2009	30.000,00
161	61900	OBRA 19/06 ABASTECIMIENTO DE AUGA E SANEAMENTO, 2006	12.248,89
165	62400	OBRA 018/06 ADQUISICIÓN VEHÍCULO PARA REDE DE SUMIDOIRO	13.000,00
172	62300	OBRA 37/06 EQUIPAMENTO PUNTO LIMPIO	12.000,00
243	62900	OBRA 026/2008 PROXECTO ESCOLA OBRADOIRO VI, 2009	109.620,80
336	61900	OBRA 049/07 MELLORA POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTORICO	10.752,00
341	62200	OBRA 25/07, ACONDIC. PAVILLÓN BAMIO, 2007.	30.000,00
341	62200	OBRA 29/07, ACONDIC. CAMPO DE FÚTBOL TRABANCA SARDIÑEIRA.	49.250,00

341	62200	OBRA 19/08, OBRAS DEPORTES-XUNTA, ANUAL. 2009.	62.629,18
453	61900	OBRA 044/06 PAVIMENTACIÓNS NO MUNICIPIO, ANUAL. 2006	20.100,00
			370.600,87

TERCEIRO: A financiación dos expedientes de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

CUARTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

Nº OBRA	DENOMINACIÓN	Anualidade 2010	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	FINANCIAMENTO
003/11	OBRA 3/11 APORTAC. MUNICIPAL PROXECTO ESTACIÓN DE BOMBEO DE AGUAS RESIDUALES NO RIO DO CON-VILAGARCIA PPC/2011	34.346,24	161-61900	30.000,00	Caixanova 540037306 CI 09-45 procede de obra 32/09
				4.346,24	RTA procedente de obra 11/06 Caixanova 540030110 C.I 06-75 e convenios urbanísticos
004/11	OBRA 4/11 MELLORA BOMBEO EN EL ENTORNO PLAZA DE ABASTOS	59.000,00	161-61900	3.159,91	RTA procedente de obra 11/06 Caixanova 540030110 C.I 06-75 e convenios urbanísticos
				739,20	RTA procede de obra 18/06, venta parcelas
				10.752,00	RTA procede de la obra 49/07, varios prestamos
				20.100,00	RTA procede de la obra 44/06, venta parcelas
				12.248,89	RTA procede de la obra 19/06 caixanova 540030110 CI 06/84
				12.000,00	RTA procede de la obra 37/06, venta parcelas
040/09	OBRA 40/09 PERMUTA PABILLON CASTELAO , ANUAL. 2010	121.881,60	341-62200	109.620,80	CAIXANOVA 540037306 C.I 09-38, procede de la obra 26/08.
				12.260,80	RTA procede de obra 18/06, venta parcelas
005/11	OBRA 5/11 RENOVACIÓN CESPED ARTIFICIAL C.F. MANUEL JIMENEZ	155.373,03	161-61900	62.629,18	CAIXANOVA 540037306 C.I 09-50 procede de la obra 19/08
				30.000,00	RTA procede de la obra 25/07, BCL 9545525801 CI 07/97

				49.250,00	RTA procede de la obra 29/07, BCL 9545525801 CI 07/101
				13.493,85	RTA procedente de obra 11/06 Caixanova 540030110 C.I 06-75 e convenios urbanísticos
TOTAL			370.600,87	370.600,87	

QUINTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes : nº 2/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expedientes nº 2/2011 de créditos extraordinarios, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉXTO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes nº 2/2011 de modificación de finalidades do Remanente de Tesourería afectado e do préstamo de Caixanova nº 0540037306, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos, e expediente nº 2/2011 de crédito extraordinario, financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, EXPTE. 1/2011 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS AÑO 2009..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 26 de abril de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do teor literal seguinte:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes do exercicio do ano 2009 que se encontran nas seguintes situacións:

-Gastos realizados sen existencia de crédito orzamentario no exercicio correspondente (2009), ou que habendo crédito foron entregados no Concello unha vez finalizado o exercicio correspondente.

-Expedientes de gastos realizados no exercicio 2009, que por diferentes motivos estaban sen tramitarse, sendo imposible, polo tanto a aplicación ó orzamento correspondente.

Visto que, no orzamento vixente (orzamento prorrogado ao exercicio 2011) existe crédito adecuado e suficiente ao nivel de vinculación xurídica das aplicacións orzamentarias de imputación para afrontar estes gastos por importe de 273.458,47 euros, así como para poder recoñecer o 50% das obriga correspondente aos Convenios asinados no exercicio 2010 para

o mantemento dos Centros Culturais do Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 13.127 euros.

Tendo en conta que esta alcaldía considera necesario proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata se servizos e subministros efectivamente realizados durante o ano 2009, e en aras a evitar un prexuízo para os provedores.

Logo de ver o Informe de Intervención, Ref. CV-204/2011 sobre os Convenios asinados no exercicio 2010 para o mantemento dos Centros Culturais do Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe de 13.127 euros, e o Informe de Intervención Ref CV-205/2011, no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 273.458,47 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na táboa anexa ao dito Informe, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

“Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 1/2011, das facturas comprendidas na relación anexa á providencia da alcaldía, por importe de 273.458,47 € e do 50% dos Convenios para o mantemento dos Centros Culturais do Concello de Vilagarcía de Arousa (2010), por importe de 13.127 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2011 (Orzamento prorrogado), a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na relación anexa á providencia da alcaldía e nos Informes de Intervención”.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de EU, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación do expediente 1/2011 de recoñecemento extraxudicial de créditos ano 2009.

Indica a Secretaria que a día de hoxe da relación de facturas se retiraron 5 facturas, por un importe de 3.880,66 €, polo que o importe queda en 269.577,81 €

- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que neste asunto se trata de facturas do ano 2009 e se trae hoxe a súa aprobación para pagar aos provedores.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que son facturas de gasto ordinario pero tense que aceptar os incumprimentos, seguen sen traer o orzamento de 2011, é o último pleno do peor Goberno de Vilagarcía. Nestes 4 anos foron un goberno inimigo de Vilagarcía, con incumprimento de acordos plenarios, perda de subvencións, enfrontamentos do bipartito, continuas discusións e acaba o mandato cunha Conta Xeral con todos os datos negativos e cun recoñecemento extraxudicial de crédito pese a que prometeron que non ían a volver a Pleno os recoñecementos extraxudiciais.

No ano 2008 dixeron que as facturas eran de Gago, no ano 2010 que eran facturas atrasadas e agora deberían explicar porque chegan hoxe as facturas do ano 2009 pero ninguén se fai responsable de nada.

O ano pasado o PP votou en contra dos recoñecementos extraxudiciais porque era financiar con un préstamo e insistiron que había que buscar recursos e agora aparecen recursos, a realidade dálle a razón ao PP. Non se cobran as facturas por que non hai unha política de pagos. Aproveitan o momento electoral para traer este expediente. Esta vez non se endebedan, pero estamos sen un Orzamento Ordinario. Os provedores non teñen por que pagar a mala xestión do Goberno Local e non debe de haber enriquecemento inxusto. Finalmente di que o Grupo Municipal do PP vai a absterse.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que o Sr. Fole é o peor Director Xeral da historia dun organismo público e será posiblemente o peor Alcalde de Vilagarcía. Tres firmas teñen dificultades en Vilagarcía para pagar aos traballadores e se se aproban as facturas poderían pagar os salarios. As facturas que se retiran son da familia da Sra. Alcaldesa. Hai firmas que son irresponsables cos traballadores e o Grupo Municipal de EU non contrataría con eles. Seguen aparecendo un montón de facturas de aloxamentos de actividades deportivas e hai unha factura de 1000 € de axendas de luxo e a austeridade debe ser unha bandeira. Anuncia que o Grupo Municipal de EU-IU se vai a abster.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que despois da caótica xestión municipal, incumpriron os seus compromisos cando dicían que non presentarían mais expedientes de recoñecemento extraxudicial e pregunta ¿Que deixarán dos anos 2010 e 2011?. En total 2.613.748 € de recoñecemento extraxudicial durante esta lexislatura a política financeira foi un fracaso e pode acabar coa quebra técnica do Concello.

Estamos ante unha irresponsabilidade sen precedentes, funcionando co orzamento de 2009 e a demora no pago a provedores é unha constante.

Di que celebra que retiraran as facturas e destaca, as axendas de luxo, anuncios de festa, suplementos culturais, un equipo de son, convenio Caixanova. Son os últimos compases do Goberno Local pero os provedores non son responsables da inestabilidade á que os levou o Concello.

- Intervén o Sr. Membrives Rojas dicindo que hoxe oír falar o Sr. Fole de mala xestión non é o mellor día, despois desa sentenza que fala de 6.000.000 € e o recoñecemento extraxudicial non chega a 300.000 €. O endebedamento en Vilagarcía é de 730 € por habitante, e en España ronda os 1.000 €.

Os tres Concellos mais endebedados son do PP: Málaga, Valencia e Madrid. En Galicia os mais endebedados son Lalín e Sanxenxo.

Na Deputación Provincial de Pontevedra o déficit pasou de 5.3 millóns de euros a 10 millóns de euros.

Os gastos de persoal liberado, Concelleiros, Protocolo..., non chegan ao 2% do orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Agradece o apoio táctico para pagar aos provedores pois a relación de facturas son gastos correntes (disolventes, billas, parafusos, etc).

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que é inconcibible que no último Pleno do mandato os únicos cidadáns que aproban a xestión son os 10 Concelleiros do Goberno. Non saben as facturas que teñen no caixón e se o saben non as queren traer.

Hai que saber que facer cos préstamos e o Grupo de Goberno non sabe executar o diñeiro e teñen préstamos pendentes sen utilizar, como Luz Salgada.

Pregunta se leron a sentenza citada e di que o PSdeG-PSOE e o BNG votaron a favor do Polígono Barro-Meis na Deputación de Pontevedra.

Di que non se explican por que se trae o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos e deberían sen transparentes e sinceros.

- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que agradece a abstención co fin de pagar a provedores e hai servizos técnicos que poden dar explicacións financeiras.

O Sr. Fajardo Recouso ausentouse do Pleno ás 19:10 horas.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), e dez abstencións, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7), EU-IU (2) e IVIL (1)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 1/2011, das facturas comprendidas na relación anexa á providencia da alcaldía, por importe de 269.577,81 € e do 50% dos Convenios para o mantemento dos Centros Culturais do Concello de Vilagarcía de Arousa (2010), por importe de 13.127 euros, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2011 (Orzamento prorrogado), a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na relación anexa á providencia da Alcaldía e nos Informes de Intervención.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2009..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 26 de abril de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Formada pola Intervención Municipal a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa do exercicio 2009 integrada pola Conta Xeral da Entidade e a Conta Xeral da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

Posta a mesma a disposición dos membros da Comisión Informativa de Xestión Económica, RR-HH e Especial de Contas en cumprimento establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997 de 22 de Xullo, da Administración Local de Galicia.

Ditaminada favorablemente con data 11 de marzo de 2011, e exposta ó público durante quince días hábiles trala publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 54, de data 18 de marzo de 2011 para que os interesados puidesen examinala e formular por escrito os reparos e observacións que tivesen por conveniente durante dito prazo de exposición e os oito días seguintes..

Non habéndose presentado reparos nin observacións nos prazos sinalados ó efecto, a Alcaldía, en uso das competencias atribuídas pola lexislación de réxime local, PROPÓN á Comisión Informativa de Xestión Económica, RR-HH e Especial de Contas a emisión do seguinte DICTAMEN:

PRIMEIRO: Informar favorablemente, con carácter definitivo, a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2009.

SEGUNDO: sometela ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, e posterior rendición ante o Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Cuentas, de conformidade coa normativa aplicable.”

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de EU, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2009.

- Intervén a Sra. Alcadesa dicindo que a Conta de 2008 e a liquidación se presentaron o ano pasado e agora tráese a Conta 2009. Hai un correcto financiamento dos investimentos, o activo fixo supón case 4 veces mais que os préstamos a longo prazo:

- Activo fixo 75.660.000 €
- Pasivo a longo prazo: 19.200.000 €

Diminúe o coeficiente de endebedamento, no 2006 era do 47,72 %, no 2007: 46,48 %; 2008: 45,80% e no 2009: 44,89%.

O activo circulante (Tesourería+ debedores a curto), supera as débedas a curto prazo en 5.475.000 €

O índice de liquidez pasou de 76,16 % no ano 2006 ao 122,37% no ano 2009.

O índice de solvencia (2,24) mellora un 57,75% o de 2008, que xa era bo, pois era de 1,43.

O resultado económico patrimonial do exercicio 2009 reflicte un beneficio de 3.03.847,48 €, un 27% mais que o ano anterior.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o Grupo Municipal do PP vai a votar en contra. A liquidez baixou e canto mais se aproxima ao 1 mais nos aproximamos á situación de quebra técnica e no ano 2011 debese estar roldando o 1.

O remanente de Tesourería é negativo e o aforro neto é negativo. Existe un debedamento de 20.000.000 €.

A evolución é moi negativa no ano 2009, pero non hai orzamentos nos anos 2010 e 2011 e se os presentaran habería un informe de Intervención cos datos reais. Ao marxe das promesas de traer en febreiro ou marzo o orzamento de 2011, o Grupo de Goberno debería presentar a realidade económica da herdanza que deixan en Vilagarcía.

O PP esixe que o Grupo de Goberno faga un informe coa realidade económica de Vilagarcía antes das eleccións pois deliberadamente non queren presentar o Orzamento, e o PP pedirallo por escrito á Alcaldía para que o transmita ao Departamento correspondente.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que o Grupo de Goberno desoe as súas recomendacións e estase co Orzamento de 2009, prorrogado 2 anos e están entorpecendo a fiscalización á que teñen dereito e rexeitaron unha auditoría do Concello sobre a súa xestión, pero o Grupo de Goberno descoñece a situación económica do Concello. Gastan mais que do que ingresan, o remanente de tesourería e o aforro neto é negativo e tamén a estabilidade orzamentaria.

Preocúpalle a débeda do Concello que ascende a mais de 19.000.000 €, insiste na austeridade e unha ampla reflexión, pois estase ante unha encrucillada que precisa de decisións valentes.

- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que hai diversas maneiras de ver a Conta Xeral 2009 e estase alarmando á cidadanía. Nas contas de 2007 e 2008 dixo o Sr. Fole que se estaba en quebra técnica e iso é alarmar. Sería unha irresponsable se deixara o Concello en quebra técnica. Di que está orgullosa da xestión municipal pois os impostos están conxelados e fixeron mais con menos.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que non se incrementaron as taxas pero houbo 23.000.000 de euros en 4 anos e fixeron menos con mais.

No ano 2007 e 2008 non dixo que estiveran ao bordo da quebra técnica, pero a ese ritmo nos anos seguintes si se estaría, e non sabe como se está no 2010 por iso piden o informe.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que oxalá fose só unha alarma, pero falase de datos contrastados que facilitou o propio Grupo de Goberno.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3) e dez votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7), EU-IU (2) e IVIL (1),

Repetida a votación da o mesmo resultado, polo que co voto de calidade da Sra. Alcaldesa

ACÓRDASE: Aprobar con carácter definitivo, a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2009.

- Sendo as 19:35 horas auséntanse as Sras. Rodríguez Arias e Llovo del Río.

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS. .- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Xestión Económica-RR.HH. e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 26 de abril de 2011, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Promoción Económica do teor literal seguinte:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE USO DO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.
CONCELLARÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Vilagarcía de Arousa, 11 de abril de 2011.

Propónse ao Pleno da Corporación Municipal que acorde a modificación do Regulamento de Uso do Servizo Municipal de Préstamo de Bicicletas no Concello de Vilagarcía de Arousa,

aprobado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 25/06/2009 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 174 de 09/09/2009, nos seguintes artigos:

Propónse unha nova redacción para o artigo sétimo da presente ordenanza que quedaría do seguinte xeito:

“Artigo 7. Xestión e funcionamento do servizo municipal de préstamo de bicicletas.

O servizo municipal de préstamo de bicicletas xestionarase de forma indirecta o que implica que a titularidade do servizo segue correspondendo ao Concello de Vilagarcía, quen asume a actividade como propia e conserva os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo.

A usuaria ou usuario que desexe acceder ao sistema de préstamo de bicicletas deberá dirixirse á oficina de atención e información ao usuario para formalizar a súa alta no servizo. Unha vez obtida á autorización poderá facer uso do sistema, para o cal, deberá dirixirse a calquera dos aparcabicicletas e achegar a súa tarxeta identificativa ao lector da praza correspondente á bicicleta que desexe retirar, co que, previo recoñecemento da usuaria ou usuario, accionará a pechadura do cadeado de forma automática liberando a bicicleta. Á hora de devolvela deberá aparcar a bicicleta nunha praza libre en calquera dos aparcabicicletas ubicados na cidade asegurándose de que queda ben anclada.

Os traballos de xestión do servizo de préstamo de bicicletas consistirán nas seguintes tarefas:

- *Atención aos usuarios, cobro e tramitación de avisos de avaría ou incidencias.*
- *Xestión documental do sistema.*
- *Recollida, distribución e reposición das bicicletas.*
- *Xestión e control dos aparcadoiros de bicicletas.*
- *Revisión do parque de bicicletas.*
- *Xestión e mantemento do sistema informático.”*

Ademais, propónse o seguinte cambio na redacción do artigo oitavo:

Onde di “as usuarias e os usuarios do servizo poderán facer uso diario das bicicletas dentro do seguinte horario: entre as 9.30 e as 22.30 nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, e entre as 9.00 e as 19.00 horas nos restantes meses. Non se prestará o servizo os días 1 de xaneiro, 16 de agosto e 25 de decembro” deberá dicir:

“As usuarias e os usuarios do servizo poderán facer uso diario das bicicletas dentro do seguinte horario:

- *Verán (de 1 de abril a 30 de setembro): de luns a sábado das 7.30 ás 22.30 h e domingos e festivos das 10.00 ás 22.30 h.*
- *Inverno (de 1 de outubro a 31 de marzo): de luns a sábado das 7.30 ás 21.30 h e domingos e festivos das 10.00 ás 21.30 h.*

Non se prestará servizo os días 1 de xaneiro, 6 de xaneiro, 16 de agosto e 25 de decembro. Ademais o servizo suspenderase ás 15.00 horas os días 5 de xaneiro, martes de carnaval, 24 de decembro e 31 de decembro.”

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As/os representantes dos grupos políticos municipais de PSdeG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos políticos municipais de EU, PP e IVIL, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría informase favorablemente a modificación do Regulamento do uso do Servizo municipal de préstamo de Bicicletas.

- Intervén o Sr. Bueno Piñeiro dicindo que o Grupo Municipal de EU-IU se vai a abster. Di que no regulamento se concreta a externalización do servizo e non están de acordo.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7), BNG (3), PP (5) e IVIL (1) e dúas abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU-IU (2),

ACÓRDASE:

Primeiro: Aprobar inicialmente aa modificación do Regulamento do uso do Servizo municipal de préstamo de Bicicletas.

Segundo: Expoñer ao público dito acordo mediante anuncio no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante un prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias polos interesados, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de bases de réxime local.

Terceiro: No caso de non se producir reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase aprobado definitivamente o regulamento sen necesidade de novo acordo, conforme ao artigo 49 da Lei 7/85, non entrando en vigor ata a publicación do texto completo no BOP e unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2º da Lei 7/85.

8. INTERPELACIÓNS

Non se presentaron.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, a Sra. Alcaldesa preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose unha Moción polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Protección do Patrimonio Local.

- Pola Sra. Alcaldesa lese o título da Moción e propón a votación da urxencia da mesma.

- A Sra. Rey Barreiro Meiro pide que se motive a urxencia.

- A Sra. García Sanmartín di que a urxencia ven dada polas declaración do Conselleiro de eliminar ese obstáculo, é dicir, a Ponte do Río O Con.

- A Sra. Rey Barreiro Meiro di que lle sorprende a urxencia de protexer a ponte e tapar a pasarela pero ten unha protección por ser lindeira co BIC e a proposta do PP e deixalo sobre a mesa e facer un estudio do pasal completo e incluír no catálogo o pasal enteiro e a ponte. Indica que segundo a Lei de Patrimonio un BIC conleva a declaración do seu entorno.

Indica que non precisa ser incluído no catálogo municipal por que ten a protección necesaria do BIC estatal e non é urxente e menos hoxe.

- A Sra. García Sanmartín contesta que se cubriu a pasarela para protexela.

- A Sra. Rey Barreiro Meiro di que a ventá que se acordou no Pleno para a pasarela non conleva cubrila, se a cubre incúmprese o acordo plenario. O acordo di colocar a ventá.

- A Sra. García Sanmartín contesta que por demanda dos veciños da zona puxéronse unhas lousas.

Sometida a votación a declaración de urxencia, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Con once votos a favor, pertencentes aos membros dos grupos políticos municipais de PSOE (7), BNG (3) e IVIL (1), dúas abstencións pertencentes aos membros do grupo político municipal de EU (2) e cinco votos en contra pertencentes aos membros do grupo político municipal do PP (5).

ACÓRDASE: A declaración de urxencia da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE coa data de 27 de abril de 2011 de Protección do Patrimonio Local.

- Pola Sra. García Sanmartín dáse lectura á moción, do teor seguinte:

“MOCIÓN: DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO LOCAL

Como a Corporación coñece, a antiga ponte de Vista Alegre forma parte do contorno do Conxunto de Vista Alegre, ben de interese cultural e un dos emblemas do patrimonio histórico e arquitectónico da nosa localidade. O Pazo foi edificado a mediados do Século XVI a instancia de D. Rodrigo de Mendoza, abade de Teverga (Asturias) e descendente de D. García de Caamaño quen fora fundador de Vilagarcía en 1.441.

Segundo artigos e estudos da época, a principios do século XIX construíuse unha ponte e un pasal dunha lonxitude de 210 metros que salvaría o estuario do Río do Con.

A día de hoxe a ponte conservase integramente, aínda que non no seu estado orixinal porque é sabido que ao longo do tempo foi ensanchada.

O Conxunto de Vista Alegre, constituído por edificacións de notable arquitectura renacentista, magnífica cantería, torreóns, nave e construcións artelladas nun peculiar conxunto de excepcional transcendencia na paisaxe e na súa proxección popular, conforma un contorno que é preciso preservar.

O Pazo de Vista Alegre, o Convento, o Hórreo, o Muro e a finca están incluídos no Catálogo Municipal de Bens a conservar, sen embargo a ponte non figura entre estes elementos.

Con motivo das declaracións sobre a antiga ponte de Vista Alegre recollidas nun medio de comunicación os pasados días, do Conselleiro de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, nas que afirmaba a necesidade de “eliminar ese obstáculo” coa fin de evitar inundacións, o Grupo Municipal do PsdeG-PSOE de Vilagarcía, no seu interese por preservar esta ponte en particular, e todo o noso patrimonio en xeral, propón a esta Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Que pola empresa redactora da revisión do PXOM se elabore a documentación precisa para que no Catálogo de edificios e elementos a conservar que o acompaña, se inclúa a Antiga Ponte de Vista Alegre como ben a conservar e, do mesmo xeito, se elabore a

documentación para incrementar na devandita revisión do PXOM o Catálogo de edificios e elementos a conservar, ampliando o grao de protección dos bens xa catalogados e aumentando as cautelas para a descatalogación dun ben catalogado.

- Intervén o Sr. Bueno Piñeiro dicindo que non lle queda claro se era urxente ou non, declarar a urxencia por unhas declaracións parécelle que é unha discusión que non ten moito sentido. O Grupo Municipal do PSOE facilitou unha desfeita importante en Vilagarcía, o da Ponte é anecdótico como todo nesta lexislatura que remata con esta moción.

Ao parecer a ponte está protexida e agora faise este debate estéril, todo o que sexa preservar elementos con personalidade EU-IU non vai a votar en contra, pero foron moitas desfeitas.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que o entorno está protexido no Catálogo e en todo caso é bo que se dean conta de protexer os vestixios da historia. Di que foi sensible con outros patrimonios e van a selo coa ponte, debe de conservarse. IVIL loitará para manter o patrimonio.

- Intervén a Sra. Rey Barreiro Meiro dicindo que no ano 2006 o Sr. Gago pediu a Augas de Galicia un estudo sobre as inundacións. O Conselleiro de Medio Ambiente actual dixo que non se ía a levar ningunha actuación sen a autorización do Concello e todo ben de interese cultural ten delimitado o seu entorno.

Hai organismos que permiten solucións alternativas. Este goberno desfixo moito patrimonio nesta cidade e espera que de agora en diante se salvagarde e non hai mais que ver o que se fixo cos edificios catalogados. Di que o Grupo Municipal do PP se vai a abster porque fixeron unha solicitude de deixalo pendente e facer un estudo integro do pasal enteiro e a ponte para incluír ambos no Catálogo.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que os informes técnicos se teñen en conta e o Catálogo se aproba co PXOM, un no ano 1986 e outro no 2000 cos votos a favor do PP. En ningún instrumento municipal EU alegou nada.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que no ano 1986 se aprobou o primeiro PXOM e o catálogo de Vilagarcía e na súa época de Alcalde conservouse o catálogo.

Sometido a votación pola Sra. Alcaldesa da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (7) e BNG (3), EU (2) e IVIL (1), e cinco abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP,

ACÓRDASE Aprobar moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE nos seus propios termos e que pola empresa redactora da revisión do PXOM se elabore a documentación precisa para que no Catálogo de edificios e elementos a conservar que o acompaña, se inclúa a Antiga Ponte de Vista Alegre como ben a conservar e, do mesmo xeito, se elabore a documentación para incrementar na devandita revisión do PXOM o Catálogo de edificios e elementos a conservar, ampliando o grao de protección dos bens xa catalogados e aumentando as cautelas para a descatalogación dun ben catalogado.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- Polos Sres/as Concelleiros/as que se citan a continuación fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

- O Sr. Fole Díaz formula as seguintes preguntas:

¿Cal é a situación, prazos e previsións do PXOM e por que non está aprobado?

¿Cal é a situación económica real do Concello?

¿Que ocorre co plan de mobilidade e o seu investimento?

- Dos investimentos do Plan E (1,2 millóns) ¿Por que se priorizou Finca do Dr. Carús e para que serve?

¿Vaise a devolver o préstamo de luz salgada ou non?

¿Que ocorreu exactamente co faiado da memoria e canto lle supuxo ao Concello?

¿A Ordenanza de terrazas vaise a aplicar ou non?

¿Que repercusións legais e económicas suporá o incumprimento plenario da pasarela?

¿Cales son os prazos, os custos e de onde sae o financiamento para as obras de Castelao e Xeneral Pardiñas?

¿Solicitaron a Bandeira Azul? ¿Por qué?

¿En que situación real está o proxecto de A Xunqueira?

¿Que hai do Plan de emerxencias?

¿Que foi do documento entregado polo PP do Regulamento de Organización e Funcionamento do Pleno (ROF)?

- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que non pode responder neste momento a tódalas preguntas por non ter os datos.

- Intervén a Sra. García Sanmartín contestando o seguinte:

- Xunqueira: está pendente de informe de Augas de Galicia e enviouse a documentación o día 23 de marzo de 2011.
- Pasarela: traerase un informe técnico que explique que levantar unha lousa e irisorio.
- Plan de mobilidade e PXOM verase como está nunha Xunta de Voceiros.

- Intervén o Sr. Rodríguez Cuervo dicindo o seguinte:

En canto aos prazos da Rúa Castelao e Xeneral Pardiñas, dicir que a Rúa Castelao vai a estar rematada en maio e as obras poden retrasarse por moitas causas: por razóns técnicas, de oportunidade, metereolóxicas ou incluso razóns políticas, cando se atopa cunha oposición irresponsable que cre, como o PP, que todo vale con tal de poñer impedimentos ao goberno Municipal.

Pero non todo vale e a xente sabe apreciálo. Nestes anos fíxose unha cidade mais humana e con maior calidade de vida, as obras acabaranse e os cidadáns saberán valoralo.

- Sendo as 20:15 horas auséntase o Sr. Rodríguez Cuervo.

- Intervén a Sra. Abuín Rodríguez dicindo que a ordenanza de terrazas está en vigor.

- Intervén o Sr. Fole Díaz solicitando ao Sr. Rodríguez Cuervo que saia do ostracismo, xa que estaba no Pleno e o PP dixo que se estaba facendo mal a obra da Rúa Castelao e o Sr. Abuín Duro dixo que non se ían a modificar as tubarías e agora a Sra. García Sanmartín modificounas e cambiounas.

- Sendo as 20:20 horas auséntanse o Sr. Bueno Piñeiro e a Sra. Cuevas Rivas.

- Intervén o Sr. Castro Ratón en relación coa pregunta sobre o Faiado da Memoria dicindo que o que pasou é un dolor persoal. En relación con Doutor Carús, que o futuro goberno adopte a decisión oportuna. Pode ser unha axencia do Eixo Atlántico en materia de fotografía.

- Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que o ROF non caeu en saco roto. Hai un borrador feito. En relación coas emerxencias estase a traballar.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo pedindo que se axilice o Plan de Emerxencia Municipal, que foi aprobado o último no ano 1989 ou 1990. Existe preocupación polo estado das fontes públicas, se son ou non potables.

- Intervén o Sr. Carou García dicindo que hai 53 fontes e algunhas non son potables e debe facerse unha revisión dos carteis.

Por parte do público asistente fanse as seguintes preguntas:

- O Sr. Piñeiro felicita á Sra. Abuín Rodríguez e á Corporación. Di que se acordou no Pleno unha ventá arqueolóxica cunha valoración de varios millóns de pesetas e non se fala do plus dos altos cargos da Xunta de Galicia.

- Outra persoa do público di que a Alcaldesa é a responsable dos cartos fala dunha denuncia presentada no Xulgado.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa, levántase a sesión, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.